

*Resolución do 1 de agosto de 2022, da Comisión de Selección do concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e de prácticas dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería (Orde de 8 de xuño de 2022)*

A Comisión de Selección do concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e de prácticas dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería, convocado mediante a Orde de 8 de xuño de 2022 (DOG n.º 117, do 20 de xuño), segundo o disposto no artigo 6.5 da dita orde de convocatoria,

ACORDA:

Primeiro. Emitir e facer pública, como anexo a esta resolución, a baremación definitiva de méritos das persoas participantes, unha vez rematado o prazo de reclamacións e renuncias ao baremo provisional e revisadas as presentadas polas persoas interesadas.

Segundo. A publicación realizarase no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades <http://www.edu.xunta.gal>,

Terceiro. Emitir e elevar ao conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a proposta de nomeamento das persoas sinaladas no dito anexo.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela.

José Luis Canosa Baldomir

Presidente da Comisión de Selección

